
CAPITÁN CALABROTE

Texto de ALBERTO SEBASTIÁN

Ilustraciones de CARLES ARBAT

Traducción de MAITE GARCÍA TELMO

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) 2005

Capitán Calabrote (galego)

ISBN 978-84-8464-107-0. Demademora.

Capitán Calabrote (castelán)

ISBN 978-84-8464-122-3. Obras de autor. Primeros lectores.

Bizarbeltz Kapitaina (éuscaro)

ISBN 978-84-8464-148-3. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

O capitán Calabrote fora o máis terrible dos piratas.

As súas aventuras contábanse en todos os portos do mundo.



Despois dunha vida repleta de abordaxes e saqueos,

Calabrote vivía retirado nunha illa perdida no inmenso océano...

Hai piratas aos que as circunstancias fanlles esvaecer o seu pasado de falcatuadas para acabar converténdose en seres amables e de nobres sentimentos. Piratas nostáxicos como Calabrote protagonizan esta entrañable historia sobre a posibilidade de emprender un novo rumbo vital; unha celebración da amizade e do afecto, por contraposición a un futuro en soidade e ancorado nas lembranzas.

Pola sinxeleza da narración, con frases breves e descritivas, trátase dun texto asequible para primeiros lectores que destaca pola sucesión de accións cheas de misterio e de emoción. Tamén interpela o público presentando conflitos de valores: reincidencia ante comportamentos reprobables, remordemento, arrepentimento, rectificación...

A illa onde transcorre este relato é unha recreación plástica da natureza como espazo mítico de aventuras e escenario de liberdade: o dinamismo do mar, a expresividade dos personaxes, a frondosidade do bosque e os acenos humorísticos completan a obra, moi elaborada a nivel plástico.



-
- **Temática:** amizade entre (non tan) feroces piratas.
 - **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
 - **Aspectos destacables:** descrición de lugares e persoas; mar, natureza; aventuras; confrontación de principios e valores positivos e negativos.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/capitan-calabrote-g>

Alberto Sebastián

(Santander, 1969)

Diplomado en Maxisterio. Dende 1992 dedícase á narración oral, o teatro infantil e os monicreques (de 1993 a 1998 na compañía La Maleta de Mariano). Tamén imparte obradoiros, charlas, cursos e traballa en actividades de animación á lectura. Ademais de narrador, é actor en grupos como La Machina Teatro, Quasar Teatro e Teatro Paraíso.

<http://www.albertosebastian.com>

Carles Arbat

(Besanó, Girona, 1973)

Graduado en Deseño Gráfico na Escola de Arte de Olot, enfocou a súa traxectoria no terreo da ilustración. Os seus traballos centráronse no eido editorial e gráfico, mais tamén nos ámbitos da publicidade e da animación. Ilustrou libros de texto e obras para público infantil-xuvenil e lectores adultos. Colaborou con revistas especializadas. Entre as distincións que ten recibido destacan o Premio Lazarillo de Ilustración 2002 e o Premio Llibreter 2005.

<http://carlesarbat.wordpress.com>

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
